

# Tertulias de rebotica no teatro de Borobó: o caso de *Aura y el complejo de Polícrates*

## *Gatherings in Pharmacie's Back Rooms in Borobo's Plays. Aura's Case and Polycrate's Complex*

Ana ACUÑA

Universidade de Vigo  
*ganime@uvigo.es*

### RESUMO

Neste artigo pretendemos achegarnos ao teatro inédito de Borobó. Partindo da entrevista persoal, das súas obras restantes (ensaíos, poesía, guións) e das súas colaboracións en *La Noche*, aproximámonos ao terceiro acto da súa derradeira peza teatral: *Aura y el complejo de Polícrates*. Este acto, especialmente relevante polo espazo e os personaxes, servíranos para mostrar a intrahistoria, a realidade que se agacha debaixo da ficción.

**PALABRAS CHAVE:** Teatro, realidade-ficción, Madrid.

ACUÑA, A. (2004): «Tertulias de rebotica no teatro de Borobó: o caso de *Aura y el complejo de Polícrates*», *Madrygal (Madr.)*. 7: 31-44.

### RESUMEN

En este artículo pretendemos acercarnos al teatro inédito de Borobó. Partiendo de la entrevista personal, de sus obras restantes (ensayos, poesía, guiones) y de sus colaboraciones en *La Noche*, nos aproximaremos al tercer acto de su última pieza teatral: *Aura y el complejo de Polícrates*. Este acto, especialmente relevante por el espacio y los personajes, nos servirá para mostrar la intrahistoria, la realidad que se esconde debajo de la ficción.

**PALABRAS CLAVE:** Teatro, realidad-ficción, Madrid.

ACUÑA, A. (2004): «Tertulias de rebotica en el teatro de Borobó: el caso de *Aura y el complejo de Polícrates*», *Madrygal (Madr.)*. 7: 31-44.

### ABSTRACT

In this paper we intend to deal with Borobo's unpublished plays. We will start from Borobo's personal interviews, his works, other than theatre (essays, poetry, cinema scripts), and his articles in the newspaper *La Noche*. Then, we will deal with the third act of *Aura and the Polycrates Complex*, the last of Borobo's plays. The act analysed is relevant in terms of its treatment of space and characters. It is our aim to get an insight into the inner story, the reality underlying fiction.

**KEY WORDS:** Theatre, reality-fiction, Madrid.

ACUÑA, A. (2004): «Gatherings in pharmacie's back rooms in Borobo's plays. *Aura's Case and Polycrate's Complex*», *Madrygal (Madr.)*. 7: 31-44.

**SUMARIO:** Introducción: Borobó «mestre gratuito», 1. Breve achegamento ó teatro inaudito e inédito de Borobó, 2. *Aura y el Complejo de Polícrates*, 3. As tertulias no Madrid da época, 4. As tertulias de Borobó, 5. Conclusión, 6. Referencias bibliográficas.

## INTRODUCCIÓN: BOROBÓ «MESTRE GRATUÍTO»<sup>1</sup>

Borobó gustaba de falar dos seus «mestres gratuítos», aqueles dos que «aprendeu fóra dos institutos, dos que aprendeu na rúa, nos cafés»<sup>2</sup>. Tal denominación retomáara de don Paulino Pedret quen, en 1957, escribira un libro dedicado a «los maestros que me han enseñado personalmente sin ninguna obligación de hacerlo y que no son ya de este mundo (...) Bendita sea la memoria de todos ellos» (1957: 5)

¿E quen foron os «mestres gratuítos» de Borobó?

Para min mestre gratuíto foi Otero Pedrayo, Emilio Canda, o mesmo Aquilino [Iglesia Alvariño] foi un mestre gratuíto meu. E tantos outros. Xente que se ve, que se aprende deles. O mesmo Paulino Pedret (...), Jesús Carro. (...) Moita gratitude aos que me ensinaron porque o importante é o escoitar. Hai que escoitar, saber oír á xente que sabe, ós vellos que, realmente, son poucos. Eu oía máis que falaba, moitos anos. Agora tócame falar, pero en realidade escoitei. (Entrevista 2000)

Nós, que tivemos a sorte de escoitar a Borobó, necesitamos agora falar do que nos ensinou durante os anos nos que fomos, coma el, madrigalegos. Precisamos falar do noso mestre gratuíto Borobó e compartir aquelas conversas e a súa sabedoría sobre a intrahistoria:

Aparece Borobó pola porta, co seu paso de vir dende a Cidade dos Periodistas, pero si estivese na Mongolia Exterior tamén chegaría así, como si nada, co seu gabán de ferro e os ollos de miralo todo, curuxa da intrahistoria (...) Borobó chega pola porta do Comercial (sé do grupo Bilbao os últimos sábados de mes), arrecúchase no seu sitio de intrahistoriador, e mira e fala da intrahistoria de Galicia, que el coñece coma ninguén (...) El fala da xente, dos obreiros da Historia, de nós mesmos (...) Chega ó Comercial —dicía— ponse no seu recuncho e espeta os matices das nosas afirmacións para

pólas no seu sitio preciso. Ou vai pasándonos a súa obra maravillosamente inacabada e inacabábel baixo a forma dun artigo, un poema, unha loita impresa cunha realidade que (...) é francamente dura e pouco lamacenta neste Madrid dos nosos exilios, pero tamén das nosas ledicias do mutuo encontro. (F. Bouza, 2003: 104-105)

Queríamos que esta colaboración fose, como as de Borobó, unha especie de «novelo», ou mellor, de «exemplo» no que «están as persoas que merecen un recordo polo que foron, polo que significaron e polo que fixeron». Quizais cumpriría escribir dun só «exemplo», centrado na persoa de Borobó, varios «novelos» ensarillados co fío único das súas obras teatrais:

Chámolles Novelos porque neste caso os Anacos veñen como ensarillados uns nos outros e non se poden romper. Non se entende o seguinte sen o anterior. Ou non se entende plenamente (...) Os Novelos son a memoria particular, subxectiva e reconstruída dun vello profesional da información e o periodismo. Igual que os Exemplos (...) Alí están as persoas que coñecín e que, na miña opinión, merecen un recordo polo que foron, polo que significaron e polo que fixeron. De cando en vez boto man dos papeis, para comprobar algún dato que me esquece, pero case que nunca. Prefiro deixar correr a memoria, deixar correr o tempo, coma a auga, vivificador e fresco (Borobó, 2002: 19-20)

Para tentar facer este noso primeiro «novelo» co «Exemplo» de Borobó, deixaremos correr a memoria ou botaremos man dos papeis? De onde partiremos? Deixaremos correr a memoria e partiremos do que máis entusiasmaba a Borobó: o seu teatro inédito e inaudito. Pero tamén botaremos man dos papeis de Borobó, da súa memoria escrita (os artigos en *La Noche*, os seus libros e o seu teatro) e da súa memoria oral (as conversas e gravacións<sup>3</sup>) para descubrir a intrahistoria das súas obras teatrais.

<sup>1</sup> Queremos deixar constancia do noso agradecemento ás persoas que nos axudaron e acompañaron: ás bibliotecarias do Museo de Pontevedra que nos facilitaron *La Noche*; a Olivia Rodríguez que nos falou do libro do seu pai, Mariano Tudela, sobre as tertulias de Madrid; a Carme Blanco Ramos que nos acompañaba á casa de Borobó os sábados pola tarde; ao noso pai pola memoria do carteirista de Lérez; a tódolos mestres gratuítos que tivemos; a tódolos madrigalegos e á familia de Borobó por todo o compartido.

<sup>2</sup> Palabras procedentes dunha entrevista realizada en Madrid (febreiro de 2000). No sucesivo citarase como «Entrevista 2000».

<sup>3</sup> Como xa indicamos, a nosa gravación data de febreiro de 2000, pero tamén tivemos a ocasión de presenciar unha das entrevistas levada a cabo por Xosé María Palmeiro en agosto de 2003.

## 1. BREVE ACHEGAMENTO Ó TEATRO INAUDITO E INÉDITO DE BOROBÓ

Borobó escribiu cinco obras de teatro entre 1945 e 1948 (data aproximada) e aínda deixou sen rematar *Las mocedades de Pablo Iglesias* (a falta de dous actos).

As cinco obras teñen un trasfondo político e histórico con temas en voga naquel momento: a guerra mundial e a Alianza Atlántica (*Elección parcial*), o drama familiar de Mussolini (*Duce, duce*), a lenda do Meco (*¿Quién mató al Meco?*), a guerra civil española (*Rodrigón*) e o complexo de Polícrates (*Aura y el complejo de Polícrates*). Os seus personaxes, polo tanto, tamén terán un referente real, estean ou non agachados baixo outro nome: Roosevelt e Churchill; o Duce e Ribbentrop; o reitor Legaz e o carteirista do Lérez; Cabanillas e o Padre Mauro, etc.

Extraemos, da entrevista realizada na súa residencia madrileña, a seguinte reflexión sobre a súa capacidade creadora:

O que se me daba ben nos primeiros anos, á parte dos artigos, xa antes de empezar a escribir os «Anacos», era o teatro. Eu dialogaba, escribía diálogos e creo que con moita facilidade. As preguntas encadenábanse coas respostas (...) Eu calculaba que podía facer unha obra de teatro cada semana entón, todo o máis unha cada mes (...) Normalmente un bo autor dramático escribía tres ou catro obras de teatro ó ano. Benavente, os Quintero, Martín Sierra, Arniches, Linares Rivas escribían tres ou catro obras cada ano porque vivían deso. Ou sexa que non é tan complicado escribir. Pero a vida periodística e o ter que ganar o pan desvioume deso que, xa digo, quizá fose a miña mellor facilidade e cualidade, a de escribir teatro ou guións (...) Sáeme con muita fluidez esta escritura dialéctica. E por eso é unha lástima que non continuase dese xeito. Pero como tamén era cousa de non estrear nunca nada, nin ter como non tiveron tampouco capacidade de convencemento en relación coas editoriais (...) menos aínda en relación co teatro que esixe relación con compañías teatrais, con empresarios, con todo eso. Nunca tiveron a menor relación con eles. (Entrevista 2000)

Compárese con estoutra visión chea de humor e ironía que, do seu teatro, tiña Borobó en 1947:

De teatro no entendemos ni pun, porque si bien hemos escrito tres o cuatro obras, pertenecen a un

teatro intuitivo y sin la más remota posibilidad de ser representadas. Crítica teatral la hacemos de vez en cuando, pero ¡señores!, de alguna cosa hemos de extraer el Anaco. Ahora que sí, como espectadores no cedemos el gallinero a nadie, porque con una perseverancia digna de mejor causa, fuimos innumerables veces virtuosos, honrados y fieles, miembros de la claqué... (*La Noche*, 23 de maio de 1947)

Aínda que o teatro de Borobó non foi representado nunca, si foi lido en tres ocasións. Noticias destas lecturas ofrécennolas Concha Castroviejo e Roberto Salgueiro. Concha Castroviejo (1951: 82) sinala:

Quando una de estas «lecturas» está dedicada a que un grupo de amigos conozcan algo cuyo carácter inédito marcha paralelo a su alta calidad, pocos momentos tan gratos y pocas veces tan gustado el interés de una obra (...) Recientemente Borobó reunió a unos cuantos amigos. Se trataba de anticiparles el conocimiento de una obra teatral, género de los más difíciles cuando está bien logrado. Borobó escribe teatro. Es su género favorito (...) Pero Borobó no ha presentado en público, hasta ahora, ninguna de sus obras (...) el teatro, en este caso concreto, pierde una colaboración valiosa y que, encerrado entre los grises Santiago (...) Borobó desperdicia un primer plano que no haría más que aumentar su prestigio, es cuestión que conviene reseñar y lamentar.

Roberto Salgueiro (1999: 218) recolle, na relación de producións teatrais na Universidade de Santiago de Compostela, entre os anos 1936 e 1975, o seguinte:

17 de mayo de 1957

Lectura escenificada de *Rodrigón*, de Borobó.

«Teatro Experimental», CMU Generalísimo Franco.

Dirección: Rodolfo López Veiga.

A terceira lectura, da que temos referencias orais, tivo lugar o pasado 20 de febreiro de 2004 no Ateneo de Madrid. Alí, co gallo dunha homenaxe a Borobó, leuse o primeiro acto de *Elección parcial*. Precisamente esta obra foi a única que viu a luz na revista *Fantasia* (1945: 25-54) e en vida de Borobó.

Nesta nosa colaboración imos comentar e publicar un fragmento do terceiro acto da derradeira obra *Aura y el complejo de Polícrates*.

## 2. AURA Y EL COMPLEJO DE POLÍCRATES

É a derradeira obra teatral de Borobó. Seguindo as súas palabras, debeu iniciala en Madrid e rematada en Santiago: «Comecei a escribir teatro porque tiña a opción de publicalo. Logo, ao vir para Santiago, abandonei, antes da *Noite*, aínda que rematei a última obra en Santiago.»<sup>4</sup>

*Aura y el complejo de Polícrates* expón, a través da parella protagonista, dúas visións opostas da vida: por un lado, Aura que, como o seu nome indica, posúe unha facultade positiva para arranxar as dificultades e posúe o poder espiritual para afastar os gafes; e, por outra banda, Polícrates que personifica o medo a triunfar.

A peza está inspirada no estudo de Rof Carballo sobre o complexo de Polícrates en Rosalía, complexo que o propio Borobó atopa en si mesmo.

Rof Carballo (1990:241-243) explica así o complexo:

Era Polícrates un tirano de Samos rico, feliz, lleno de gloria, tan dichoso que comenzó a sentirse preocupado. Todo el mundo le decía que era demasiado feliz. Tarde o temprano una felicidad tan grande tenía que pagarse. Polícrates para apaciguar a los dioses hizo un sacrificio: arrojó al mar un anillo con piedras preciosas, el más valioso de sus tesoros. Poco tiempo después un pescador encontró el anillo en el vientre de un pez que había caído en sus redes. Entonces Polícrates comprendió que los dioses no habían aceptado su sacrificio, que sería necesario pagar por tanta felicidad como había tenido en su vida. Efectivamente, en el año 522 a. C., tal como nos lo cuenta Herodoto, un lugarteniente de Darío llamado Oronte conquistó Samos y sometió a Polícrates a terrible tortura, crucificándolo (...)

El contenido del complejo está condensado en el título del trabajo de Freud, *Los que fracasan en el éxito* (...). En su forma neurótica el complejo de Polícrates consiste en anular una obra o el coronamiento de una vida, una vez que se ha llegado al éxito, a la cima.

Maravillosamente expresa Rosalía el complejo de Polícrates, muy enraizado en el alma gallega:

... tembra cando n'o mundo  
sintas un-ha dicha imensa

puesto que  
glorias, aquí, sobrehumanas  
trán desventuras supremas.

E desta maneira teoriza Borobó sobre o seu propio complexo (2001)<sup>5</sup>:

Pero jamás estrenó una comedia y pasó muchísimos años sin publicar un libro. Padecía el citado complejo, investigado por Rof Carballo, y que dramatizó en la mencionada pieza teatral [*Aura y el complejo de Polícrates*]. También le ha de servir de tema para los anacos que merecieron el VII Premio Julio Camba, de Periodismo, en 1986. Aunque nunca dejó de sentir aquella extraña alergia al éxito y prefería gozar de la doca, practicando ya el senderismo, antes de que se popularizase este nombre, al pasear alternativamente por las corredoiras del Barbanza y los aldeaños de la Ciudad de los Periodistas.

Repárese en que sobre o mesmo tema do complexo de Polícrates compuxo a peza teatral e os artigos. Do 11 de outubro e do 30 de novembro de 1985 datan os textos publicados en *La Voz de Galicia*, polos que Borobó recibe a VII Edición do Premio Nacional de Periodismo Julio Camba. Reproducimos un fragmento dun dos artigos, titulado «El complejo de Polícrates<sup>6</sup>», por canto recolle elementos presentes na peza teatral (caso do poema rosaliano):

He de confesar que lo he venido padeciendo, conscientemente, desde que leí el ensayo de Juan Rof y penetré en la honda entraña del poema rosaliano:

*Tembra a que uha inmensa dicha  
neste mundo te sorprenda; grorias, aquí, sobre-  
humanas  
trán desventuras supremas.  
(...) Si; tembra cando no mundo  
sintas unha dicha imensa;  
val máis que a túa vida corra  
cal corre a iauga serena.*

Tanto me impresionó el tema que escribí una comedia titulada *Aura y el complejo de Polícrates*. (...) Jugaba yo con la identidad del topónimo de la isla griega y del monasterio gallego.

<sup>4</sup> Entrevista ofrecida a Xosé M<sup>a</sup> Palmeiro (agosto 2003).

<sup>5</sup> Estas palabras pertencen á autobiografía preparada por Borobó para unha conferencia na Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago. A conferencia publicouse na páxina web do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia.

<sup>6</sup> Estes artigos inclúeos Borobó no seu libro *A cantora do Sar* (1999).

Y mi Polícrates era un físico rojo, acogido al sagrado de la abadía de Samos, durante la Guerra de España.

Inventor de inventos, inventa allí la bomba atómica bastante antes de que otra semejante explotase en Hiroshima.

Se lemos algunhas das súas colaboracións en *La Noche* atopamos «Cachos de broa» ou «Anacos» nos que aborda aspectos recollidos, asemade, nas súas obras dramáticas. Así escribe sobre os tres tipos de gafes retratados en *Aura y el complejo de Polícrates*, sobre as tertulias ou sobre o tea-tro da época<sup>7</sup>.

Dado que estes dous últimos aspectos (tertulias e teatro da época) aparecen especialmente retratados no terceiro acto da obra, pareceunos interesante procura-la intrahistoria (o espazo ou os personaxes reais) que subxacen nese acto.

Analizaremos, pois, o terceiro acto e reproducíremolo nun anexo ó final deste artigo.

### 3. AS TERTULIAS NO MADRID DA ÉPOCA

Borobó cita en *La Noche* varios lugares de tertulia en Madrid (o Chicote<sup>8</sup>, a cripta do Pombo<sup>9</sup>, o Gijón<sup>10</sup>, Néguri e Negresco<sup>11</sup>) e valora a importancia das tertulias:

No podemos asistir cotidianamente al «café». Y lo sentimos, porque en la tertulia de «café» es el lugar donde con mayor facilidad surge la chispa luminosa, la intuición genial, donde se maduran los proyectos, donde se expone el curso de las obras. (*La Noche*, 12 de agosto de 1947)

Porque, coincidiendo con V. Risco:

No hay nada tan importante como la tertulia de café. Puede que no seamos nada cuando estamos en casa, o cuando vamos por la calle, pero, en cuanto estamos en el café nos convertimos, de repente, en lo que realmente somos» (...) Es vano el intento de hacerse intelectual español, fuera de los cafés. Una vez hecho cabe abandonarlos, pero antes es inútil suplirlos frecuentando Facultades, Escuelas e Institutos,

Archivos, Bibliotecas y Museos. Cualquiera puede hacerse en todos estos lugares un especialísimo especialista, sin embargo nunca llegará a ser un «intelectual del café», la máxima categoría humana que puede alcanzar un español. (*La Noche*, 28 de xuño de 1947)

Ademais das tertulias indicadas por Borobó, M. Tudela (1984:129) sinala como «La tertulia del Lyon D'Or fue el punto de arranque de todas las que vendrían después, una vez concluida la guerra». E despois virían as tertulias no Marfil, Varela, Castilla, Lisboa, Levante, Cueva de Don Quijote, La Elipa, Lion, Ballena Alegre, Gato Negro, Café del Prado, Social de Oriente, Gambirinus, Bilbao, Comercial, Sésamo, Royal, Teide, Sotanillo, Pelayo, Cock D'Or, Molinero, Cervecería de Correos, Dorín, Círculo de Bellas Artes, Zahara, Riofrio, Alpes, Casino, Tienda de Vinos, Hemeroteca... Mentres, La Granja del Henar, Forno ou Negresco acabarían pechando.

#### 3.1. AS REBOTICAS EN AURA Y EL COMPLEJO DE POLÍCRATES

No terceiro acto de *Aura y el complejo de Polícrates*<sup>12</sup> retrátase a tertulia de rebotica nun coñecido local madrileño da época:

La barra de un bar americano que imita el aspecto de una botica. Mesas y sillas muy apiñadas, dando sensación, a la vez, de angostura y riqueza. El escenario está dividido por el mostrador. Un letrero bien visible que dice «Rebotica» indica un saloncillo reservado para los clientes de más confianza, detrás del mostrador. (...)

Mientras tanto en la rebotica, hasta entonces vacía, han ido entrando el Abad y varios señores más: el Inspector General, D. Jorge Hinojosa, el productor de cine Tito Rodríguez, y el comediógrafo Jamardo. Entraron por una puerta interior que se supone da a un portal del edificio, y que sirve para el acceso discreto de las personas de confianza. Uno de los camareros ha ido a abrirles, después de haber sonado un timbre oído por el «barman», el cual le ha hecho una seña. El camarero informa a Pepote de quiénes son los que entraron, y el «barman» marcha a saludarlos.

<sup>7</sup> Concretamente nos «Cacho de broa» do 12 de xuño, do 17 de xuño ou do 27 de xuño de 1946.

<sup>8</sup> *La Noche*, 29 de abril de 1946.

<sup>9</sup> *La Noche*, 17 de xuño de 1946.

<sup>10</sup> *La Noche*, 24 de marzo e 28 de xuño de 1947 e 29 de xaneiro de 1949.

<sup>11</sup> *La Noche*, 28 de xuño de 1947.

<sup>12</sup> Remitimos ao lector para o anexo no que se reproduce o mencionado acto.

A descrición de Borobó recolle algúns trazos da definición de «rebotica» ofrecida por Tierno Galván, no seu prólogo ó libro de J. L. Urreiztieta (1985: 9):

Este aragonesismo significa trastienda a la vez que el lugar donde se hacen las mezclas, lo que añade cierta idea de secreto y repite con intensidad la primera parte del conjunto o botica refiriéndose a lo que con el tiempo fue también lugar de reposo o tertulia.

Podemos afirmar que Borobó se inspirou, para a caracterización da rebotica de *Aura y el complejo de Polícrates*, nos espazos reais que viu e viviu no Madrid dos anos 40. Para identificar, pois, este lugar abonda ter presentes elementos coma o famoso barman, os cócteles ou os asistentes á rebotica. A análise destes elementos permítenos identificar o café/museo/bar/restaurante Chicote, situado na Gran Vía de Madrid.

### 3.2. O BARMAN

Pepote é o barman retratado en *Aura*, pero Borobó xa presentara en *La Noche* o seu correspondente real: Perico Chicote. Reproducimos o seu «Cacho de broa» titulado «La popularidad de Perico Chicote» (*La Noche*, 29 de abril de 1946):

El botones, Máximo, que va a buscarnos al apartado los números de LA NOCHE, se retrasaba más que de costumbre. Mientras los esperábamos nos entreteníamos pensando en la excusa que se le ocurriría aquella vez. El mínimo chaval, cuya diminuta estatura contrasta con lo grandioso de su nombre y de su serenidad en afrontar los trances difíciles, hace gala siempre de una chispeante inventiva en justificarse. Pero ya tenía muy gastado el truco de que los tranvías pasaban todos completos, el de que en el Metro había cola, o de que se había quedado viendo la salida de una boda en San José, o el paso de un entierro en primavera.

Ayer, nos dijo, sencillamente...

- Tardé, porque ese señor Chicote, el del Bar de la Gran Vía, estaba en la acera del Hispano-Americano, hablando con dos señores...
- ¿Bueno, y qué?
- Se había reunido mucha gente mirándolo y yo me quedé también. Un guardia municipal tuvo que disolvernos...
- ¿Tantos erais?
- De treinta a cuarenta. Y no se crea V., buena gente: señoritas tapadas con abrigo de pie-

les, dos lagarteranas, los señores que salían del Banco...

Estaba bien justificado, no mentía, y era injusto exigir de un muchacho que venciase a su curiosidad por contemplar a un hombre tan famoso. Porque Perico Chicote da hoy la tónica a la alta sociedad madrileña, como en su tiempo la pudo dar el Duque de Sexto, o Godoy en el suyo. No se concibe lunch de bodas, vino español en toma de posesión, o agasajo similar, que no realce con su presencia. Si aquí, como en la Rusia de los Zares —o en nuestras aldeas— se celebrasen banquetes funerarios, el gran Chicote al servirlos los honraría. Es el espécimen de la época, es un gran señor...

Como pertenece a noble estirpe —creemos que es familia del actor Enrique Chicote y del Director del Laboratorio Municipal— no podía dejar de ser coleccionista. Colecciona vinos y licores, y su museo atrae más visitantes que el del Prado, casi tantos como Pasapoga. Padecemos de fobia hacia los museos, pues nos mareamos nada más pasado el umbral de cualquiera, e inútil es declarar que no franqueamos el de Perico Chicote. Pero presos de una emoción indescriptible penetramos en su bar. Nos acomodamos en la barra, la acariciamos y algo nos sorprendió...

— ¡Ah, pero si es de madera! Teníamos entendido que era de oro...

El barman nos miró indignado, receloso, y se negó a servimos un café con leche. Y mientras lo tomábamos en el bar más próximo, reflexionábamos acerca de la popularidad de los grandes hombres: En las calles de Madrid es objeto de la curiosidad molesta de nuestro botones y unas lagarteranas. En aquella pequeña estación gallega donde, sumido en el anónimo, esperaba Chicote al tren que lo conduciría al «fuego» del Apóstol, descansaba de su merecida popularidad; ¡ni las estraperlistas, ni el factor, ni el peatón de correos, conocían a don Pedro Chicote!

Dúas características do real Perico Chicote coinciden co personaxe de ficción Pepote: os seus cócteles e a colección de licores. Segundo as noticias extraídas da páxina web do Museo Chicote:

Se dice (...) que llegó a tener más de 18 mil botellas, sobre todo de licores. (...) Se dice, y es probable que sea cierto, que durante la guerra civil en el bar se traficaba con tan precioso antibiótico [penicilina].

Tamén o Pepote de *Aura* é capaz de crear un cóctel biográfico de Polícrates grazas á súa colección:

Quando puse la Botica, empecé vendiendo Valdepeñas. Hasta que a la gente elegante le hizo

gracia el nombre y comenzó a afluir. Entonces reformé el local, y me puse a combinar esas fórmulas o recetas para enloquecer a mentecatos que son los cocktails.

### 3.3. ASISTENTES Á REBOTICA

A Chicote acudían, como lemos na páxina web, estrelas estranxeiras:

El cine y el teatro europeos y americano fueron especialmente generosos con Chicote. Su barra aguantó el peso de cuerpos tan deseados como el de Liz Taylor, Ava Gardner, Joan Crawford, Rita Hayworth, (...) Gary Cooper, Cantinflas, Orson Welles, Jorge Negrete (...) Entre nuestras figuras del mundo del espectáculo, fueron las de teatro las que siempre gustaron más de los cócteles del fundador de esta casa. Desde que Jacinto Benavente fundara la Peña Teatral Chicote se les ha dedicado cariñosos homenajes a José Isbert, María Fernanda Ladrón de Guevara, Rafael y Amparo Ribelles, Angel de Andrés, Paquita Rico, Lola Flores, Carmen Sevilla, Concha Velasco, Fernando Rey, Manuel Gómez Bur, Encarna Paso y muchos otros.

E explica Mariano Tudela (1984: 128 e 133):

A Chicote, fundado en 1932 y de ninguna significación literaria hasta entonces, empezaban a acudir autores teatrales ya conocidos antes de la guerra.

Al cierre definitivo de La Elipa, esta tertulia pasó a engrosar aquella otra de Chicote, local de la Gran Vía inaugurado en 1932 por el popular barman (...) Allí se podía ver a diario a Adolfo Torrado, comediógrafo casi oficial de la pos-guerra, Enrique Suárez de Deza, Leandro Navarro, Miguel Mihura, que ya había cambiado definitivamente el lápiz por la pluma, y Serrano Anguita.

Borobó, na súa creación, sitúa na rebotica de Pepote aos «financieros más importantes de España» e «hombres de teatro y de cine». Nesta liña aparecen políticos, empresarios, un autor teatral (Jamardo), un produtor de cine (Tito Rodríguez) e o abade de Agua Pesada. Aínda que estes personaxes teñen nomes figurados, botando man de novo dos artigos de *La Noche* podemos identificar

a persoa real que se agacha tralo autor teatral Jamardo.

Cando Borobó fai dicir aos seus personaxes:

Jamardo. —¡Por Dios. No me explote mi filón!  
¿En dónde iba a ambientar yo mis comedias?

Tito. —Acotas todos los filones para ti.  
¡Menudo yacimiento tienes con Galicia, que nunca acabas de explotar!.

Abad. —Ya sé que escribe comedias muy hermosas sobre nuestra «terra meiga»

Podemos deducir que tralo comediógrafo Jamardo, escritor de obras de temática galega, se agacha aqueloutro «quimidiógrafo<sup>13</sup>» coruñés e residente en Madrid e ao que Borobó lle ten dedicado moitos comentarios<sup>14</sup>: Adolfo Torrado.

En canto ao produtor que acompaña ao quimidiógrafo Jamardo/Torrado, dificilmente podemos apuntar algún nome. Con todo, é sabido que Adolfo Torrado colaborou no cine co seu irmán Ramón Torrado, con Benito Perojo e Ricardo Núñez<sup>15</sup>. Os dous últimos levaron ao cine a «quimodia» de Torrado «El luto de Chiruca» comentada nestes termos por Borobó:

Y hace poco Núñez y Perojo han llevado al cine, en la Argentina, la quimodia demagógica de Torrado que vamos a observar caritativamente. (*La Noche*, 5 de maio 1947)

O outro membro da rebotica, o Abade do mosteiro de Agua Pesada, correspóndese co padre Mauro do mosteiro de Samos. Ámbolos dous mosteiros acabaron incendiándose (o de Samos en 1951), os dous abades tiveron influencia en Madrid para conseguir os seus propósitos e gustaban de ter hóspedes literarios.

Así recordaba Sabino Torres<sup>16</sup>, editor dos «Rollo» do Corpus Boroborum, ao abade de Samos:

O Padre Mauro era un personaxe cunha gran influencia en Madrid. Era amigo de Don Ramón [Cabanillas]. Samos, naquel entonces, creo que facían bastantes negocios porque cando se queimou parece ser que tiñan reservas de gasolina e licores.

<sup>13</sup> Termo de Fernández Flórez acollido por Borobó nun dos seus artigos de *La Noche* (3 de maio de 1947).

<sup>14</sup> Por exemplo *La Noche* do 27 de xuño de 1946, do 22 de marzo de 1947 e do 27 de marzo de 1947, do 2 de maio de 1947, do 5 de maio de 1947 ou do 23 de maio de 1947.

<sup>15</sup> Sobre estes autores poden consultarse as entradas correspondentes na *Historia del cine en Galicia* (1985).

<sup>16</sup> Entrevista persoal realizada o 21 de agosto de 2003.

E Borobó comentaba en *La Noche* «Al Abad Mauro, le place tener huéspedes versados en las letras y en las ciencias» (*La Noche*, 11 de outubro de 1946). Pois Don Ramón Cabanillas estivo hospedado en Samos e, na peza teatral de Borobó, tanto Polícrates como o poeta Cuevillas (ficción de Cabanillas) están alí acollidos polo Abade de Agua Pesada.

#### 4. AS OUTRAS TERTULIAS DE BOROBÓ

